



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA VENRES 12 DE NOVEMBRO DE 2021.

Visto que o día 10 de novembro de 2021 a FEDERACIÓN DE CCOO DO HÁBITAT DE GALICIA presentou no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia recurso especial en materia de contratación contra os pregos de contratación do servizo de axuda no fogar, expte. 14/2021-SER-PA-RH e que o artigo 56.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), establece un prazo de 2 días hábiles para remitir o expediente xunto co informe do órgano de contratación ao Tribunal Administrativo competente para resolver o recurso.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 419/2019, do 18 de xuño,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria e urxente da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: venres 12 de novembro de 2021.
- ➔ Hora: 14,00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONVOCADA PARA O 12 DE NOVEMBRO DO 2021.
3. INFORME RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN DE CCOO DO HÁBITAT DE GALICIA CONTRA OS PREGOS DE CONDICIÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO, EXPTE. 14/2021-SER-PA-RH.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)